

DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

Decreto polo que se dispón a convocatoria da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Valdoviño, con determinación da Orde do Día.

Visto o decreto emitido en data 24.03.23, rexistrado ao número 157/2023, relativo á cambio de data do pleno ordinario correspondente ao 6 de abril, notificado aos membros da Corporación e publicado.

Esta Alcaldía, no exercizo das atribucións que lle confire a normativa, DECRETA:

Primeiro.- Vista a relación de expedientes posta a disposición desta Alcaldía a efectos da súa inclusión na Orde do Día de sesión ordinaria que o Pleno da Corporación realizará, e tendo en conta o citado decreto nº 157/2023, **CONVOCAR sesión ordinaria do Pleno da Corporación, para o día 30 de MARZO de 2023, ás 10:30 horas** no Salón de Sesións da Casa do Concello.

Segundo.- Fixar a seguinte Orde do Día, integrada polos seguintes asuntos:

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

- 1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior: 02.03.23 (Ordinaria).
- 2º.- Aprobación inicial de expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito número 4/2023 MC SP.
- 3º.- Aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito REC nº 1/2023.
- 4º.- Ditame de aprobación inicial de ordenanza de administración electrónica do Concello de Valdoviño.
- 5º.- Aprobación autorización gasto e adxudicación (contrato menor) para estudio técnico-económico para modificación da ordenanza fiscal do servizo de recollida de residuos sólidos domésticos e limpeza viaria no Concello de Valdoviño.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

- 6º.- Dar conta de decretos da Alcaldía emitidos no mes de febreiro de 2023.
- 7º.- Dar conta aprobación liquidación orzamento do 2002. (decreto 111/2023).
- 8º.- Dar conta de informe de intervención de estabilidade na liquidación orzamento 2022.
- 9º.- Dar conta da aprobación de marcos orzamentarios 2024-2026.

10 °.- Rogos e preguntas.

Terceiro.- A presente convocatoria entregárase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE